



# TEMA 14 POSGUERRA E CONSTRUCCIÓN DO ESTADO FRANQUISTA (1939-1959)

1939 – 1975: Período do réxime dictatorial de Franco. Según a evolución social e económica diferenciamos tres etapas :

- 1939-1959 Creación do estado franquista / Posguerra / Autarquía económica (escasez, penuria).
- 1959- 1973 Consolidación do réxime / Desarrollismo (desenvolvemento económico ) / Tecnocracia.
- 1973-1975 Agonía do franquismo (asesinato de Carrero Blanco / incremento da oposición).

## 1.- A IMPLANTACIÓN DO NOVO ESTADO: BASES E APOIOS DA DICTADURA FRANQUISTA

### Caracterización do sistema político franquista

- Dictadura persoal que suprimiu dereitos e liberdades, represora e sen unha ideoloxía elaborada.
- Aglutina elementos do pensamento católico conservador e tradicionalista e elementos tomados do fascismo italiano (símbolos, partido e sindicato únicos, carácter antidemocrático).
- Existe un debate sobre a calificación deste réxime como fascista, xa que pese as súas simpatías por esta ideoloxía non pretende crear un sistema totalitario de sometemento dos individuos ao Estado.
- O franquismo foi algo máis que o goberno persoal de Franco, foi tamén un sistema político-social que evolucionou para garantir a súa permanencia.

### Elementos que configuran o réxime franquista

#### 1.- As leis fundamentais: normas básicas da organización do estado

Son o “Foro do Traballo” (1938, regula o mundo laboral), “Foro dos españois” (1945, táboa de dereitos e deberes a modo de carta outorgada), a Lei de Principios do Movemento e as leis que organizan as Cortes (consultivas), o referendo (para someter a consulta popular algunhas decisións) e a sucesión. Todas elas refundidas na Lei Orgánica do Estado (1967).

#### 2.- Concentración de poderes en Franco

- Xefe de Estado, xefe de Goberno e do partido único e xeneralísimo do Exército.
- Franco é aclamado como caudillo de España (caudillismo).
- Para desenvolver o seu poder e controlar a sociedade Franco **apoiouse no exército, na igrexa e na Falanxe.**



### 3.- ***A democracia orgánica***

O franquismo rexeita a democracia liberal e os partidos políticos ós que considera corruptos. Sin embargo, a organización política que se estableza recibirá o nome de “*democracia orgánica*” por unha cuestión de imaxe: para ser máis aceptable entre os países de occidente tras a segunda guerra mundial.

A participación política canalízase a través dos cabezas de familia e as diferentes corporacións públicas existentes (sindicatos, concellos). Estes serán os que elixirán ós membros (procuradores) dunhas Cortes consultivas (1942) que refrendarán as leis propostas polos gobernos de Franco.

Existía a posibilidade, según vontade e conveniencia do dictador, de someter algunha lei fundamental a consulta popular mediante *referendo* entre os homes e mulleres maiores de 21 anos.

### 4.- ***A lexislación laboral: O sindicalismo vertical***

O “*Foro do Traballo*” (1938), promulgado durante a guerra, regulamenta o mundo laboral recollendo aspectos sociais de mellora das condicións dos traballadores, con un sistema de seguros que será o xermen da futura creación da Seguridade Social.

Os traballadores quedaron encadrados nun sindicato único baixo a xefatura da Falanxe. Este **sindicato, chamado “vertical”**, era unha organización na que estaban incluídos obrigatoriamente os obreiros e os patróns baixo a supervisión do Ministerio de Traballo. Prohibíase a folga e o despedido libre.

### 5.- ***O exército, un dos piares do réxime.***

O exército será a columna vertebral do réxime, modelo da sociedade e detentador de privilexios e atribucións.

### 6.- ***A Igrexa e o nacionalcatolicismo.***

A Igrexa identificouse co réxime de tal maneira que ó sistema político e social resultante é denominado **nacionalcatolicismo**. España converteuse nun estado confesional católico no que se armonizan os intereses da Igrexa e do Estado. As relacións entre a Igrexa e o Estado franquista regularízanse polo Concordato de 1953 no que a Igrexa lexitima ao réxime, que lle concede o control da moral, das costumes e da educación. As organizacións laicas da Igrexa participaron nas tarefas do Estado, como se aprecia pola participación de membros da Asociación Católica Nacional de Propagandistas (ACNP) e despois do Opus Dei no goberno.

A Iglesia evolucionará nos anos 60, co Concilio Vaticano II (1962-1965), aparecendo unha corrente crítica e de oposición ó franquismo.

### 7.- ***A Falanxe e o Movemento Nacional: o partido único do réxime.***

Durante a guerra civil constituíuse en 1937 a Falanxe Española Tradicionalista e das XONS. A Falanxe serviulle a Franco para manter vivos os ideais de 1936 e controlar á opinión pública. Nos anos 50 a Falanxe perde influencia (pola derrota dos fascismos na 2ªGM) e o partido único pasou a denominarse Movemento Nacional, no que o franquismo renovou os seus principios cara o nacionalcatolicismo, a democracia orgánica e o intervencionismo social do estado.

### 8.- ***Monarquía sen rei mentras governe Franco***

Ainda que se define a España como un reino, Franco non quiso deixar o poder a ningún monarca. D. Xoan de Borbón, fillo de Alfonso XIII, apoiado polos monárquicos, pasou de apoiar a sublevación durante a guerra a denunciar ao réxime e reclamar o restablecemento da monarquía constitucional en España mediante o Manifesto de Lausana (1945).



Franco planeará a conservación do seu réxime mediante a planificación da súa sucesión en Xoán Carlos, fillo de D. Xoan de Borbón, a quen tratou de formar nos principios do réxime e mantivo baixo a súa tutela ata a súa morte.

### 9.- **Control social e ideolóxico.**

Os dereitos individuais foron limitados: estableceuse o control das liberdades, a censura da opinión e as publicacións. A educación busca inculcar á poboación os principios do réxime e a fascistización da sociedade. Dominan na sociedade os valores tradicionais da familia, que defenden a subordinación da muller, impulsados pola sección feminina da Falange dirixida por Pilar Primo de Rivera. A partir da década de 1960, co desenvolvemento económico, comencarán os cambios con respecto á muller aínda que no plano legal seguiron sometidas a pais e maridos ata o final do franquismo.

### 10.- **Centralismo**

Partindo da idea da unidade da patria procedeuse á represión dos nacionalismos periféricos.

## 2.- A REPRESIÓN DOS VENCIDOS

### 2.1 Os exiliados

- Escapan pola fronteira ó final da guerra ou marchan despois pola represión (arredor de 500.000)
- Lugares de destino:
  - Francia: Interna aos exiliados en campos de refuxiados en condicións infrahumanas. Ao iniciarse a Segunda Guerra Mundial unha parte volveu a España acolléndose a un indulto limitado. Coa invasión alemana, en 1940, algúns republicanos españois serán enviados ós campos de concentración nazis ou devoltos a España (donde moitos serán executados). Outros loitarán na resistencia ou no exército francés contra Hitler.
  - México: Acollerá á parte do exilio de maior formación intelectual e a importantes personalidades do mundo da cultura.
  - Unión Soviética: Será o principal país de destino para os militantes do Partido Comunista de España (PCE). Durante a guerra acollera a uns 3.000 nenos refuxiados (os chamados “*nenos da guerra*”).
- Goberno republicano no exilio: Farán unha labor política de propaganda en contra do franquismo, pero terán escasa relevancia práctica.
- Partidos políticos no exilio: falta de cohesión e obxectivos comúns entre eles.

### 2.2 A represión no interior do país

- Moitos presos foron **executados** (cálculase máis de 30.000), outros sufriron logas penas de **carcel** ou foron condeados a **traballos forzados** (construcción de minas, túneles, Val dos Caídos).
- Outros sospeitosos de simpatizar coa república foron **represaliados** coa perda de empregos e confiscación de propiedades. Os funcionarios públicos foron **depurados** e calquera que tivera relación coa república perdeu o seu emprego.



## 2.3 A oposición ao réxime

### a) A resistencia armada: os guerrilleiros.

Son aqueles que manteñen a loita armada contra Franco no interior do país. Comunistas, principalmente, e anarquistas levarán a cabo actuacións de guerrilla nun ambiente de férreo control militar e policial.

- (1936-1944) Primeiros momentos ⇒ **Fuxidos e escapados** ó monte. Esperan que a victoria aliada na 2ªGM propicie unha intervención que acabe coa dictadura.
- (1944 –1952) Transformación en **guerrilleiros (maquis)**:
  - En 1944 as guerrillas intentaron comenzar unha invasión do país desde Francia, a través do Val de Arán, buscando dar motivos á intervención en España das potencias aliadas.
  - Os guerrilleiros realizaban sabotaxes, golpes de man e mantiveron enfrontamentos violentos coa garda civil, os falanxistas e o exército.
  - Tiveron unha intensa actividade en Asturias, León, Sistema Ibérico, Andalucía e Galicia (*Foucellas, Piloto*).
  - O réxime estableceu un Estado policial, incrementando a represión pola Garda Civil e o exército, amparados pola Lei de Represión do Bandidaxe e o Terrorismo (1947).

### b) A clandestinidade

- Nos anos 50 descendeu a actividade da guerrilla pola represión e as consignas de abandono da loita armada para concentrar a actividade na oposición política.
- Os partidos no exilio asumiron a imposibilidade de derrubar a Franco pola forza e crearon redes de actuación interna buscando infiltrarse en ámbitos universitarios, sindicais e laborais.
- A pesar do estrito control algunhas folgas convertéronse na forma máis efectiva de protesta, mesturando obxectivos políticos e económicos
- A partir dos anos 50 o movemento estudiantil foi un dos ámbitos máis activos das protestas.

## 3.- EVOLUCIÓN POLÍTICA. O IMPACTO DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

### 3.1 A Segunda Guerra Mundial (1939 – 1945)

- O inicio da Segunda Guerra Mundial supuso o incremento das relacións co Eixe (alianza dos países fascistas: Alemania e Italia, e Xapón), que apoiaran aos *nacionais* durante a guerra, e unha crecente admiración e interese pola nova orde fascista.
- É un periodo de predominio dos falanxistas nos gobernos de Franco (“**etapa azul**”).
- En 1939 España declárase **neutral**, pero aproximándose ás potencias do Eixe a través de Serrano Suñer, encargado dos asuntos exteriores. Apostaba por integrarse no bloque das potencias fascistas.



- Franco mantivo entrevistas con Hitler en Hendaia e Mussolini en Bordighera, pero a destrución do país e as escasas contrapartidas ofrecidas impediron a entrada de España na guerra mundial. A cambio do seu apoio, Franco esperaba recibir parte do imperio colonial francés en África e esixía armas e materias primas, demandas que Hitler considerou excesivas.
- En 1941, e ata 1943, España cambiou o seu status de neutral polo de **non belixerante** (amizade e colaboración ó compás das vitorias fascistas). Ademais do apoio loxístico á aviación e navegación alemá, a invasión da URSS en 1941 propiciou o envío da división de voluntarios da *División Azul* ao fronte ruso coa xustificación da loita contra o comunismo.
- En 1943 España declarouse de novo **neutral**, según o curso da guerra iba tornándose favorable aos aliados, retirando a División Azul de fronte rusa pero mantendo a axuda a Alemaña co envío de materias primas.

### 3.2 O illamento internacional (1945-1953)

- A vitoria na guerra dos aliados obrigou a un **cambio de discurso, celebrando que España non entrara na guerra mundial como un mérito persoal de Franco.**
- No goberno franquista foron substituídos os membros da Falanxe, simpatizantes do fascismo, polos pertencentes ao sector católico.
- A pesar dos cambios a dictadura foi considerada simpatizante dos fascistas e sometida ao **illamento internacional.**
- Os países democráticos romperon relacións diplomáticas con España, o franquismo foi condenado e España foi **excluída da ONU** (1946).
- O réxime reaccionou rexeitando a condeá e convocando concentracións de apoio a Franco. Únicamente o Portugal de Salazar e a Arxentina de Perón mantiveron relacións co réxime.
- Os anos de illamento reafirmaron o poder de Franco en España.
- A situación cambiou tras 1947 polo inicio da guerra fría. Os EEUU viron en España un aliado anticomunista no seu enfrontamento coa Unión Soviética.

## 4.- EVOLUCIÓN ECONÓMICA. A AUTARQUÍA

### - Política económica:

- Despois da guerra civil a economía española quedou moi danada.
- As medidas tomadas polo goberno, inspiradas no modelo fascista italiano, conduciron a unha **intervención estatal na economía cun mercado carácter nacionalista.**
- Desenvolverase unha política de **autarquía** buscando a *autosuficiencia, a independencia económica e o autoabastecemento*, según concepcións económicas influídas polos modelos fascistas (pero pouco apropiadas para unha economía como a española, cun secular atraso industrial e escasas fontes de enerxía).
- A economía quedaba subordinada aos intereses políticos de corte fascista e antiliberal.
- Esta política provocará problemas na economía: escasez de materias primas, de petróleo e de tecnoloxía industrial, alza de prezos e incremento da deuda externa, etc.
- A partir de 1951 a situación mellorou, aínda que a estrutura económica se mantivo ata o plan de estabilización de 1959.



### - Características sectoriais:

- *Industria.* En 1941 creouse o **Instituto Nacional de Industria (INI)** como un holding estatal de empresas da industria pesada, dos sectores industriais básicos e dos considerados estratéxicos (minería, siderurxia, produción de electricidade, asteeleros, automoción, explosivos ,...). Xurdiron empresas como IBERIA, ENSIDESA, ENASA ou SEAT, moitas delas monopolios. Un grave problema foi a dependencia tecnolóxica do estranxeiro.
- *Transportes e comunicacións.* **Nacionalización** do ferrocarril (creación da RENFE) e da telefónica.
- *Comercio.* **O estado organizou toda a actividade económica**, especialmente o comercio exterior. Regulouse estrictamente o cambio de moeda pola escasez de divisas, que dificultaba gravemente as importacións, mantendo artificialmente elevada a cotización da peseta.
- *Agricultura.* **A gran perxudicada pola política autárquica foi a agricultura**, que recibiu poucas axudas e ninguna reforma xa que as terras expropiadas pola República foron devoltas aos seus donos.
  - O atraso, a falta de maquinaria e fertilizantes polas medidas autárquicas e unha grave seca levaron a un descenso da produción e a problemas no abastecemento de alimentos.
  - Nos anos 50 entre as escasas medidas renovadoras para intentar incrementar a produción destaca a **colonización** de terras baldías, o desenvolvemento de regadíos (plan Badaxoz, 1952) e a posta en marcha da **concentración parcelaria** para reducir o minifundio (1952).

### - Consecuencias da autarquía:

As consecuencias da política económica do réxime foron negativas:

- A falta de recursos (maquinaria, tecnoloxía, carburantes, materias primas) e dun mercado competitivo levou a un **incremento da inflación, estancouse a produción e freouse o crecemento.**
- Os problemas da agricultura provocaron unha crecente **escaseza de alimentos** e un alza continuada dos prezos dos mesmos.
- A poboación empobreceuse, apareceu a **fame** e aumentou a mortalidade.
- A escasez levou a racionar dos produtos de primeira necesidade e a distribuír entre a poboación **cartillas de racionamento**, para poder compralos.
- O estado intentou solucionar os problemas de abastecemento controlando a produción agrícola a través do Servizo Nacional do Trigo e obrigando aos agricultores a entregar a maior parte das colleitas a un prezo regulado. Moitos campesiños ocultaban a produción polo que se incrementaron as multas e as requisas de produtos.
- Desenvolveuse un **mercado negro** dos produtos racionados (o chamado **estraperlo**), que enriqueceu a uns poucos corruptos próximos ao réxime.



## 5.- A TÍMIDA APERTURA DO RÉXIME

### 5.1 A influencia da guerra fría. O recoñecemento internacional

A guerra fría e a división de bloques fixeron de Franco un **aliado anticomunista** importante para o bloque occidental liderado polos **Estados Unidos**. Esta nación, enfrontada á Unión Soviética dirigente do bloque comunista, cooperaba con aqueles países contrarios ao comunismo, sen importar que fosen ditaduras. **O cambio de actitude dos EEUU posibilitou o cambio da situación internacional de España e a ruptura do illamento:**

- En 1950 a ONU levantou a condena ao réxime e España ingresou nos primeiros organismos internacionais (FAO, UNESCO).
- Tamén comenzaron a restablecerse as relacións internacionais, tanto diplomáticas (embaixadores) como económicas (créditos, comercio).
- Especialmente importantes foron os acordos internacionais asinados en **1953**:
  - **Concordato coa Santa Sede** (1953) ⇒ Formalización das relacións entre o réxime e a Igrexa católica. A Igrexa lexitimaba o réxime e conseguía importantes privilexios económicos, xurídicos e educativos.
  - **Pacto de Madrid cos Estados Unidos** (1953):
    - **Axuda económica** norteamericana a cambio da instalación de varias **bases militares en España**.
    - Apoio dos EEUU ó recoñecemento internacional e á entrada de España na ONU (1955).
    - O acordo foi refrendado coa visita do presidente Eisenhower á España franquista (1959).

### 5.2 A evolución política e económica nos anos 50

- A situación internacional e as dificultades económicas obrigaron a Franco a facer algúns cambios en 1951: rodeouse dos seus homes de confianza como Carrero Blanco e deu entrada a algúns ministros reformistas e vinculados a organizacións católicas (da Asociación Católica Nacional de Propagandistas). Os cambios foron escasos e os principios do réxime mantiveronse inamovibles.
- A economía española mantén gravés atrancos derivados da política autárquica aínda que se produce unha tímida recuperación económica nestes anos:
  - Boas colleitas ⇒ Fin do racionamento do pan (1952)
  - Os acordos cos EEUU permiten a chegada de divisas (moeda estranxeira), materias primas, petróleo, bens de equipo (maquinaria industrial).



- Comenza o proceso industrializador a través do INI ⇒ fundación da fábrica de automóbiles SEAT (vinculada á FIAT italiana).
- As axudas exteriores resultaron insuficientes para superar os graves problemas económicos e sociais:
  - Aumentan tímidamente as protestas polas malas condicións de vida (folgas).
  - En 1956 producíronse graves enfrontamentos entre falanxistas e estudantes pola democratización do sindicalismo estudiantil.
  - Cara a fins de 1950 foi preciso adoptar novas medidas.

### 5.3 Os tecnócratas do Opus Dei e o final da autarquía

A finais dos anos 50 producíronse varios cambios significativos na política de Franco:

- Entraron no goberno (1957) varios ministros cunha boa formación técnica e unha tendencia máis moderna no económico, vinculadas a organización relixiosa do Opus Dei (os chamados **tecnócratas do Opus Dei**). Entre eles destaca López Rodó.
- Púxose fin á política autárquica e establecéronse medidas liberalizadoras para impulsar a economía. fundamentalmente a partir do Plan de Estabilización de 1959.
- A Lei de Principios do Movemento (1958) establecía o partido único do réxime baseado na familia, o municipio e o sindicato. Esta lei quiso deixar resolta a posición do Movemento dentro do Estado. A Falanxe quedaba relegada para lograr credibilidade democrática en Europa.